



Resolución de aprobación das listas definitivas de reservas en segundas ou posteriores adxudicacións de vivendas vacantes de promoción pública , no concello de RIBADEO

VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA : Vacantes existentes durante a vixencia da lista	VIXENCIA DA LISTA: 31.12.2018 EXTE: LU2008/XEST-02	
LOCALIZACIÓN: BARRIO HISTÓRICO	CONCELLO: RIBADEO	PROVINCIA: LUGO

Unha vez rematado o trámite de reclamacións á lista provisional de reservas, aprobada por resolución de data 22 de febreiro de 2018, tendo en conta o procedemento establecido no Decreto 1/2010 polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, a Comisión Provincial de Vivenda, en sesión celebrada con data 3 de abril de 2018

RESOLVE

1. Aprobar as listas definitivas de reservas ao abeiro do establecido no artigo 26 do Decreto 1/2010.
2. Publicar ditas listas na páxina web do Instituto Galego de Vivenda e Solo e nos taboleiros de anuncios da xefatura territorial de Lugo e no Concello.

Esta publicación substituirá as notificacións persoais de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao desta notificación, segundo o establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas., ou ben poderán impugnala directamente ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, consonte co establecido no artigo 46 de Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No suposto de que o interesado sexa unha administración pública, no lugar do recurso de reposición poderá dirixir ao órgano competente, no prazo de dous meses, o requirimento previo previsto no artigo 44 da LXCA.

Lugo, 3 de abril de 2018

O presidente da Comisión Provincial de Vivenda
Javier Arias Fouz





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA



Área Provincial de Lugo
Avda. Ramón Ferreiro 28
27071 LUGO
Tel. 982 294 600 – Fax 982 294 624

VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA : Vacantes existentes durante a vixencia da lista	VIXENCIA DA LISTA: 31.12.2018 EXTE: LU2008/XEST-02	
LOCALIZACIÓN: BARRIO HISTÓRICO	CONCELLO: RIBADEO	PROVINCIA: LUGO

ANEXO: LISTADO DE RESERVAS. LISTA ANUAL

Lista de espera definitiva:

Credencial: 40795 -- NICOLAS MANUEL FERNANDEZ GARCIA

Credencial: 79411 -- ALEJANDRO QUEIPO CARTOY

Credencial: 23982 -- LUIS GONZALEZ LASTRA

Credencial: 32156 -- DAVID GONZALEZ FERNANDEZ

Lista excluídos:

Non existen

Motivos de exclusión:

- 1- A modificación sobrevenida das circunstancias persoais que provoquen unha imposibilidade real de acceder a vivenda ou a inadecuación da vivenda as novas circunstancias da unidade familiar ou de convivencia.
- 2- Cando quede debidamente acreditado a imposibilidade de conseguir o financiamento das entidades de crédito para o pagamento da vivenda.
- 3- A superficie insuficiente da vivenda que, como resultado do número de orde de elección, se lle adxudique. A tal efecto superficie insuficiente a sinalada no artigo 47.b da Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia.
- 4- Que en base a circunstancias persoais ou familiares se determine que a vivenda que, como resultado do número de orde de elección, se lle adxudique, é inadecuada por causa de mobilidade de conformidade co establecido no artigo 47.c da Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia.
- 5- Resultar propietario dunha vivenda
- 6- Desistimento, non entregar a documentación requirida.
- 7- Renuncia voluntaria.
- 8- Os ingresos ponderados (2016) non acadan 0,7 veces o IPREM
- 9- Os ingresos ponderados (2016) superan 2,5 veces o IPREM
10. Algún membro da unidade familiar incumpe obrigas
11. Non está empadroado no concello onde radican as vivendas
12. Baixa no Rexistro Demandantes.
13. Adxudicatario definitivo dunha vivenda polo Rexistro de Demandantes

Esta publicación substituirá as notificacións persoais de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Documento asinado electronicamente

